

SANRIZUKA

Ogawa Shinsuke, 1971

1310

ESTREA EN NUMAX: 11.06.2024 | V.O.S.E | 143 min

Un fito fundamental da historia do documental xaponés e cuarta dunha serie de sete películas dirixidas polo colectivo cinematográfico Ogawa Productions que documenta o longo movemento de protesta do campesiñado contra a construción do novo aeroporto de Narita en Sanrizuka.

Logo de varios anos de protesta, as autoridades inician expropiacións forzosas, desencadeando unha gran violencia. O campesiñado, axudado polo estudantado, enfronta a loita cun renovado sentimento de resistencia. Os cineastas adéntranse no corazón da loita, seguen os preparativos dos combates e participan neles. Entre momentos de enorme tensión, dan voz aos labregos, ás razóns da súa resistencia, a súa cólera e as súas esperanzas.



Declaración sobre Sanrizuka—Campesinos da Segunda Fortaleza

Por Shinsuke Ogawa

A loita en Sanrizuka dura xa cinco anos. Pasaron cinco anos desde o día en que chegamos a Sanrizuka, coa cámara de cinema e o equipo de gravación. A loita en Sanrizuka está dirixida en primeira persoa polos campesinos, e ten as súas raíces na vida do campo.

Os mozos do pobo colleron unha pluma nas súas ásperas mans de campesinos, mans que cheiran a terra, para escribir unha vigorosa denuncia do poder estatal. Os maiores da aldea, aínda que esgotados polas penurias da agricultura e os seus deberes como cabezas da familia, resistiron con todas as súas forzas contra a violencia do Estado que pretende destruír a natureza e a vida dos campesinos.

O túnel da película Sanrizuka—Daini toride non hitobito [Sanrizuka - Campesinos da segunda fortaleza] é froito da extrema determinación dos campesinos. Esa é a verdadeira razón pola que conseguiron infundir valor a tantos outros xaponeses e cavar o túnel: un logro grandioso, produtivo e sen límites.

O últimos cinco anos en Sanrizuka permitíronnos experimentar uns días que foron verdadeiramente dignos da humanidade, porque os pasamos defendendo, con nosas propias mans, a vida palpitante da humanidade e a natureza da violencia do poder estatal. Amabamos profundamente estes días e queriamos manter vivo o seu recordo, por iso fixemos Sanrizuka—Campesinos da segunda fortaleza.

Publicado en "Cinema giapponese degli anni '60," *Quaderno informativo*, 41 (Pesaro: Mostra Internazionale do Nuovo Cinema dei Pesaro, 1972).

Por que Sanrizuka?

Por Shinsuke Ogawa

Cando cheguei a Sanrizuka non tiña nin idea de en que me estaba embarcando. Alguén podería pensar que iamos ficar tanto tempo? Algo había, con todo, no aroma da terra que me fascinaba, e dígoo en serio. Por riba de todo, adoro ver como lle empezan a pasar cousas a persoas que teñen os pés afundidos no barro... Imaxinemos por un momento que o aeroporto de Sanrizuka fose trasladado ao elegante centro de Tokio. Sospeito que... esa atrocidade non sucedería. Con todo, o goberno non consultou aos campesinos. Xapón é unha sociedade industrializada, desenvolta integramente, pero que peso ten realmente esta pobre xente?

Teño un enorme interese pola vida diaria. Ata que fixen as miñas películas de Narita, o meu traballo estaba moi afastado dos problemas humanos reais dirixindo fundamentalmente películas publicitarias. Pero tampouco podo dicir que cheguei a Sanrizuka cun plan de actuación perfectamente estruturado. Estaba obsesionado pola sociedade de consumo e toda unha serie de prexuízos acumulados... Non deberiamos perder de vista que non hai moito (na era Meiji para ser precisos) o 80% da poboación era campesiña, un colectivo que desde entón o país maltratou. A nosa sociedade está baseada nesta falta de delicadeza, por dicilo suavemente, coa súa acumulación de coches, torradoras, fornos, televisores en cor, decenas de aparellos de alta tecnoloxía e todo iso.

Foi contra este malgaste organizado ao máis puro estilo moderno que a xente desta terra se levantou e dixo: "Non". Era un "non" que, eu creo, existía xa en min, antes de que o puidese gritar aquí, en Sanrizuka.